



O medio galego de tendencias Disquecool organiza a súa primeira Disquefesta con concertos, xuntanza de ukeleles e unha guerrilla laneira

- A cita será no Liceo Mutante de Pontevedra o próximo sábado 15 de setembro
- Os grupos Os Amigos dos Músicos e Santos Morcegos porán a nota musical á xornada festiva
- Desde as 16.00 horas desenvolveranse distintas actividades como un obradoiro infantil de arxila, unha exposición de Arte Postal, concursos e unha Olimpíada Disquecool

Pontevedra, 8 de setembro de 2012. Disquecool, o medio de tendencias made in Galicia, celebra o próximo sábado 15 de setembro no Liceo Mutante de Pontevedra a súa primeira Disquefesta con moitas sorpresas para os seus lectores. Desde as 16.00 horas os asistentes poderán participar nun completo programa, que inclúe desde actividades lúdicas e deportivas cun toque *hipster* a retos literarios, unha exposición de arte postal, unha xuntanza de ukelelistas e os concertos de Os Amigos dos Músicos e Santos Morcegos.

Actividades

A festa abrirase cunha **acción laneira** que vestirá de las de cores un elemento emblemático do Liceo Mutante. As accións laneiras ou *Urban Knitting* consisten en intervencións que visten de pezas de ganchillo e calceta mobiliario urbano e outros elementos do espazo público. As responsables dos *craftytalleres* e da *craftytenda* Home Made serán as encargadas de liderar esta actividade, que está aberta a todo o público interesado.

O xardín do Liceo Mutante acollerá a celebración dunhas **Olimpíadas** moi especiais con probas como o escondite inglés, salto á comba e lanzamento de gafas de pasta. O medio de tendencias tamén lanzou unha convocatoria aos amantes do instrumento de moda, o ukelele, para unha actuación conxunta na que se interpretará o éxito O Tren de Andrés do Barro. As instrucións xa están dispoñibles en www.disquecool.com para aquelas persoas que queiran ir practicando. Tamén haberá espazo para os máis pequenos, cun **obradoiro de arxila** no que poderán dar forma aos seus personaxes favoritos.

Ao longo da tarde desenvolverase ademais o **concurso “O Mellor Hipster”**, que premiará aos máis ‘modernos’, aqueles que demostren máis estilo perante a cámara. Para tal fin disporán dun *photobooth* con diversos complementos como bigotes ou gafas de pasta. As persoas participantes na Disquefesta tamén terán a oportunidade de demostrar as súas dotes de micronovelistas nun **reto de escritura** que se desenvolverá en Twitter.

Música

A música xogará un papel importante na Disquefesta, cos concertos dos ourensáns **Os Amigos dos Músicos**, e do grupo de A Guarda **Santos Morcegos**. Os primeiros combinan nas súas cancións melodías pop, arranxos do folk americano e unhas letras interpretadas en galego. A segunda banda, de estilo surf, promete facernos bailar cunha proposta moi orixinal. Eles defínense como unha mestura de grandes clásicos como O Lago dos Cisnes, Para Elisa ou a Marcha Fúnebre xunto con Antonio Banderas en Desperado, unha infancia chapoteando en praias pouco limpas e unha xenerosa dose de reverb.

A xornada contará así mesmo coa participación dos **DJ’s Dr. Chou e Chema**, que amenizarán coa súa selección musical as actividades.

Agasallos

Durante a Disquefesta os asistentes poderán entrar no sorteo ou competir por algúns dos agasallos cortesía de **Kalandraka, Xerais, Rinoceronte, Punto G, Kling, Le marché de Rachel, Oitenta, O Gato Cósmico e Laconicum**.

A organización da Disquefesta é consciente de que os tempos están complicados e non quere que ninguén quede fóra desta festa polo que **a entrada é gratuíta**. Non obstante, o evento non conta con ningún tipo de patrocinio polo que é posible colaborar coa iniciativa coa adquisición de *merchandising*: por 2 euros, unha exclusiva chapa, e por 6 euros un kit composto por unha chapa e un exemplar da nova edición limitada das xa famosas bolsas de Disquecool.

Sobre Disquecool

Disquecool é o primeiro medio de tendencias online en galego. A publicación aborda eidos como arte e deseño, audiovisual, estilos de vida, libros, moda ou música. O obxectivo da web é compartir as tendencias que se xeran nestes distintos eidos, tanto a nivel internacional como local, facendo especial énfase en dar a coñecer aquelas iniciativas creativas e innovadoras que se están a desenvolver en Galicia.

O medio vén de cumprir un ano o pasado mes de maio, e xa ata agora máis de 55.000 persoas realizaron máis de 250.000 visitas á web, con ata 2.000 visitas diarias. Os lectores son maioritariamente galegos, xente nova de entre 25 e 35 anos, e conta con máis de 2.000 fans en Facebook e máis de 1.500 en twitter.

Máis información:

www.disquecool.com | [twitter @disquecool](https://twitter.com/disquecool) | facebook.com/disquecool